



MALER, Bertil (2023): *El subdialecto gallego de Mondoñedo* (Edición e notas de Mariña Arbor Aldea e estudo bio-bibliográfico de Pär Larson). Monografía 14 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Universidade da Coruña.

En 1936, xusto antes do golpe de estado, o filólogo sueco Bertil Maler percorrera Galicia co obxectivo científico de estudar as nosas falas. En Mondoñedo atopou con Álvaro Cunqueiro e, da man deste e durante mes e medio, decidiu pesquisar polo miúdo na fala mindoniense. Cos anos, aquela primeira amizade perdurou, pois sempre mantiveron contacto un Maler que chegou a ser catedrático da Universidade de Estocolmo e redactor da revista *Ibero-romanskt*, e un Cunqueiro que, á parte de xornalista e director do *Faro de Vigo*, chegaría a ser o mellor autor galego da segunda metade do séc. XX. Cando en 1969 Maler volveu a Galicia achegouse a Vigo para visitar o seu vello amigo Cunqueiro.

Maler, aos seus 25 anos e por indicación de Pidal ao seu mentor Erik Staaff, viñera a Galicia buscando tema para a súa tese. En Compostela contactou co Seminario de Estudos Galegos, desde onde o encamiñaron a Mondoñedo para falar co poeta Álvaro Cunqueiro, quen o instruíu na nosa cultura e na nosa lingua. E comezou a recoller datos para o estudo do “subdialecto galego de Mondoñedo” ata que estoupou a guerra e tivo que deixar a pesquisa e fuxir ás présas a Suecia. Alí continuou coa súa carreira académica pero xa orientada á filoloxía portuguesa. O seu estudo xuvenil quedou nun caixón durmindo o sono dos anos.

Ata que a filóloga galega Mariña Arbor Aldea, na compañía do seu home, o filólogo sueco Pär Larson, visitou en 2016 a Stokholms Universitetsbibliotek, e alí puideron consultar o volume mecanografiado de 120 páxinas de Bertil Maler (número de rexistro 41.399) sobre a fala de Mondoñedo, estudo que agora editan primorosamente e publica como monografía a *Revista Galega de Filoloxía* da Universidade da Coruña.

Esta edición ábrese cunha bio-bibliografía de Pär Larson sobre o Bertil Maler filólogo (pp.

29-36) para continuar coa transcripción e estudo anotado do mecanoscrito de Maler a cargo de Mariña Arbor. A profusión e acerto das notas empregadas, máis de 600, demostra ben ás claras a dedicación e rigor científico da editora do mecanoscrito. *El subdialecto galego de Mondoñedo* componse de tres partes, con seis, dous e dous capítulos respectivamente.

A primeira parte (pp. 43-112) comeza cun capítulo I no que o título non se corresponde exactamente co contido. Do título: “La comarca de Mondoñedo, su topografía, sus habitantes y la vida material e intelectual de los mismos” agardaríamos achar un limiar concontextualizador, mais en realidade describe Maler como o Seminario de Estudos Galegos non é ben visto polo goberno da República, como lle cadrou estar en Santiago o día do referendo do Estatuto de Autonomía, e de como Galicia ten unha forte identidade diferencial. Sen dúbida, a xente do SEG deixou nel unha marca indeleble.

No capítulo II aborda problemas de investigación dialectolóxica: a elección de informantes, os prexuízos contra o galego dos propios falantes mais, outramente, a existencia de *galeguistas nacionalistas* militantemente monolingües. Xunto coas primeiras denuncias da castelanización do galego expón o sistema de transcripción fonética empregado. No capítulo III faise eco dos escasos estudos lingüísticos feitos sobre o galego, que contrastan cunha literatura e poesía galegas dunha *riqueza enorme y arrancan de la época medieval*. Dedicalle moita importancia á poesía de Leiras e Noriega, e reproduce varios poemas deles.

No capítulo IV, dedicado á xeografía “de la región explorada”, Maler afirma acertadamente que *La provincia de Lugo tiene mucha semejanza con el Oeste de Asturias con el que tiene también muchas relaciones de cultura e idioma*; de Mondoñedo di que: *es una pequeña*

ciudad antigua y somnolenta de unos tres mil habitantes. Ríos, cultivos, vexetación, arquitectura, gastronomía, clima, vestidos etc., son obxecto de comentario polo autor.

O capítulo V, dedicado á cultura intelectual da comarca, é un compendio de sociolingüística intuitiva. Maler denuncia que a castellanización *se nota con fuerza en toda la región* e que

Esta castellanización se explica en parte por la aversión que tienen los gallegos de hablar su “fala” (habla) con gente desconocida, pues creen que se van a burlar de ellos. En parte proviene también de la centralización administrativa que impone el castellano en las escuelas y en todas las instancias jurídica.

No VI e derradeiro capítulo desta primeira parte expónse unha breve reseña da evolución fonética do idioma galego. *El gallego no es, como muchas veces se pretende, un dialecto del portugués. Al contrario, el portugués es un dialecto gallego. Las lenguas gallega y portuguesa fueron esencialmente una misma hasta el siglo XV* —di Maler—, para a seguir colocar algunhas das principais diferenzas fonolóxicas e morfolóxicas entre galego e portugués. Sobreñecemos deste apartado esta cita da páxina 111 sobre dialectoloxía galega: *...lo que más separa las diferentes hablas de Galicia no es ni la fonética ni la morfología, sino la enorme diferenciación del vocabulario*, e di que un mapa lingüístico detallado de Galicia revelaría *un anarquismo léxico (sic) de gran interés*.

A segunda parte do estudo, páxinas 113-154, é a descrición fonética e fonolóxica do galego de Mondoñedo. O capítulo I dedicado ao voca-

lismo (átono, tónico, ditongos, hiatos, evolución desde o latín, vogais tónicas, protónicas, postónicas etc.), de gran riqueza léxica nos exemplos achegados; e o capítulo II dedicado ao consoantismo (consoantes iniciais, grupos de muda e líquida, consoantes intervocálicas, grupos consonánticos etc.)

A parte terceira, tamén con dous capítulos e abranguendo desde a páxina 155 á 195 resultounos do máis interesante do revelado por Maler (xunto coas notas sociolingüísticas). No capítulo I, “Cosas, vocablos y datos de Mondoñedo”, emprega o método *wörter und sachen* para estudar o léxico da cociña e o lar, o muíño, o forno, a olaría, os zocos; nomes dos días e meses etc. Chama a atención o estudo etimolóxico de medio cento de microtopónimos e asemade a denuncia das aberracións contra a nosa toponimia, pois a castellanización está a perpetrar *inauditas y numerosísimas atrocidades*. No capítulo II, “Dichos, proverbios y poesías” recolle 25 refráns e frases feitas e media dúcia de poesías populares, fundamentalmente oracións. Remata o estudo coa bibliografía consultada por Maler e outra bibliografía necesaria que introduce atinadamente a editora.

Sen dúbida ningunha, é este un magnífico labor de edición dun traballo pioneiro sobre a nosa lingua e a nosa cultura —dos que non andamos moi sobrados—, que durmía nun andel de Estocolmo e que agora coñecemos e valoramos grazas á edición de Mariña Arbor Aldea.

Xosé Henrique Costas González
Universidade de Vigo
xcostas@uvigo.gal